

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20386 *Real decreto 1959/2009, do 18 de decembro, polo que se crea o Centro Universitario da Garda Civil.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, introduce unha importante reforma no ensino das Forzas Armadas, afondando no proceso de integración no sistema educativo xeral.

A dita lei deseña un novo modelo de ensino de formación para os oficiais das Forzas Armadas, que comprende, por unha banda, a formación militar xeral e específica, que se impartirá nas academias militares e, por outra, a correspondente a un título de grao universitario do sistema educativo xeral, que se impartirá nun sistema de centros universitarios da defensa, situados nas referidas academias militares. Este mandato legal desenvolveuse mediante o Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, polo que crea o sistema de centros universitarios da defensa.

No que ao corpo da Garda Civil se refire, a citada lei, na súa disposición derradeira sétima, ordena a adaptación do disposto na Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime de persoal do corpo da Garda Civil, no que a escalas e ensino de formación de oficiais se refire, e establece que a formación para o acceso á nova escala de oficiais do corpo da Garda Civil comprenderá a formación militar, a de corpo de seguranza do Estado e a correspondente a un título de grao universitario do sistema educativo xeral.

A formación militar e a de corpo de seguranza do Estado impartiranse na Academia de Oficiais da Garda Civil, cos períodos que se determinen en centros docentes de formación das Forzas Armadas, mentres que o ensino para a obtención do grao se impartirá nun centro universitario adscrito a unha ou varias universidades públicas.

Por tanto, faise necesaria a creación, no ámbito da Garda Civil, do dito centro para, posteriormente, solicitar a súa adscrición a unha ou varias universidades públicas, acto en que adquirirá o carácter de centro universitario.

Ademais, introdúcense diversos conceptos na norma que permiten manter o sistema actual do ensino de formación para a incorporación á escala superior de oficiais da Garda Civil e, no seu momento, á escala de oficiais, sobre a base da presenza dos alumnos da Garda Civil na Academia Xeral Militar do Exército de Terra e, en consecuencia, no centro universitario da defensa alí situado. Preténdese continuar coa adquisición de valores e principios esenciais da profesión militar que contribúen á formación integral dos oficiais do corpo, e dispoñer de persoas capacitadas para o cumprimento do mandato constitucional de garantir a seguranza cidadá e protexer o exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Defensa e do Interior, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Finalidade.*

O obxecto deste real decreto é a creación e o establecemento do réxime xurídico do Centro Universitario da Garda Civil para a súa adscrición, mediante o correspondente convenio, a unha ou varias universidades públicas coa finalidade de impartir as ensinanzas universitarias oficiais que acorden os ministerios de Defensa e Interior en función das exixencias do exercicio profesional na Garda Civil.

Artigo 2. *Creación e titularidade do centro.*

1. Créase, situado na Academia de Oficiais da Garda Civil, o Centro Universitario da Garda Civil.
2. A titularidade do centro corresponde ao Ministerio do Interior a través da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.
3. O centro será administrado por un padroado cuxa composición e funcións se establecerán no correspondente convenio de adscrición.

Artigo 3. *Adscrición.*

1. A adscrición a unha ou varias universidades públicas do centro efectuarase conforme o previsto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
2. A adscrición do centro comporta, en todo caso:
 - a) Fixar a titulación ou titulacións universitarias oficiais de grao e posgrao que se obterán no centro, en función das necesidades do exercicio profesional na Garda Civil.
 - b) Establecer o sistema de xestión económico-administrativa do centro, conforme a lexislación e normativa aplicable a cada universidade.
3. Para fixar as titulacións e o sistema de xestión económico-administrativa teranse en conta as peculiaridades da carreira profesional na Garda Civil.
4. Cando culmine o proceso de adscrición, o centro terá natureza de centro universitario público coa denominación de Centro Universitario da Garda Civil.
5. O Centro Universitario da Garda Civil rexerese pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades; pola Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil; pola lexislación autonómica correspondente; pola normativa propia de cada universidade; polo convenio de adscrición e polas súas normas internas de organización e funcionamento.

Artigo 4. *Ensinanzas de grao, posgrao e liñas de investigación.*

1. O Centro Universitario da Garda Civil impartirá as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de grao universitario que se determinen como parte integrante do ensino de formación dos oficiais do corpo da Garda Civil.
2. No Centro Universitario da Garda Civil poderanse impartir tamén estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de posgrao, nas modalidades de máster e de doutor. Así mesmo, definiranse e desenvolveranse liñas de investigación que se consideren de interese para a Garda Civil, colaborando, se procede, con outras entidades e organismos públicos de ensino e investigación.

Artigo 5. *Colaboración con outros centros universitarios.*

1. Coa finalidade de impartir ensinanzas determinadas no artigo anterior, o Centro Universitario da Garda Civil establecerá acordos de colaboración con outros centros, en especial cos pertencentes ao sistema de centros universitarios da Defensa.
2. Os alumnos do corpo da Garda Civil que cursen os seus dous primeiros anos de formación na Academia Xeral Militar do Exército de Terra recibirán ensino no Centro Universitario da Defensa situado na referida academia.

Artigo 6. *Financiamento.*

1. O centro contará con orzamento propio financiado con cargo ao capítulo 4, transferencias correntes, e ao capítulo 7, transferencias de capital, do orzamento do Ministerio do Interior e, dado o seu carácter de centro universitario, gozará de autonomía económica e financeira. Poderá contar ademais, para o seu financiamento, con outros recursos procedentes das subvencións que, conforme a lexislación vixente, se lles poidan outorgar, cos remanentes de tesouraría e con calquera outro ingreso percibido no exercicio das súas actividades.

2. O director do centro é o órgano de contratación do centro e está facultado para subscribir no seu nome e representación, de acordo coa lexislación e normativa vixente na universidade de adscrición, os contratos en que o centro interveña, sen prexuízo da autorización do padroado.

Disposición transitoria única. *Ensino de formación para a incorporación á escala superior de oficiais da Garda Civil por acceso directo.*

Ata que se actualice o réxime do persoal do corpo da Garda Civil, segundo o determinado na disposición derradeira sétima da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, o número de prazas, os requisitos e as probas para o ingreso, e o réxime dos alumnos que accedan directamente ao ensino de formación para a incorporación á escala superior de oficiais da Garda Civil rexeranse polas normas establecidas para as escalas de oficiais dos corpos xerais dos exércitos e infantaría de mariña constituídas na citada lei.

Así mesmo, durante a fase de dous anos que cursarán na Academia Xeral Militar do Exército de Terra, de conformidade co establecido no artigo 20.4 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, serán alumnos do Centro Universitario da Defensa alí situado, no cal recibirán o ensino universitario que se determine.

Finalizado o período a que fai referencia o parágrafo anterior incorporaranse á Academia de Oficiais da Garda Civil, onde completarán a súa formación tanto no aspecto militar, de corpo de seguranza e técnica necesaria para o correcto desempeño dos labores asignados á escala superior de oficiais, como a correspondente aos estudos universitarios oficiais de grao conducentes á obtención do título que se determine.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia exclusiva que, en materia de seguranza pública, ten atribuída o Estado, conforme o artigo 149.1.29.a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Defensa e do Interior para ditaren cantas disposicións consideren necesarias para a execución e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Economía e Facenda realizará as modificacións orzamentarias precisas para dar cumprimento ao previsto neste real decreto, mediante a correspondente reasignación dos créditos contidos nos orzamentos ordinarios do Ministerio do Interior sen que, en ningún caso, a dita reasignación poida supoñer incremento do gasto público.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ